



ELECCIÓN DE MEMBROS DOS CONSELLOS ESCOLARES DE CENTROS DOCENTES SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS

RESOLUCIÓN do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos.

- 1.- As eleccións dos representantes dos distintos sectores da comunidade educativa no Consello Escolar realizaranse entre os días **18 e 22 de novembro de 2024**, ambos os dous incluídos.
- 2.- A Xunta Electoral constituirase entre os días **22 e 28 de outubro de 2024**, ambos os dous incluídos.
- 3.- Os centros modificarán en cada renovación parcial o número de membros do consello escolar en función do número de unidades que teñan nese momento. No tocante ao IES Beade, correspóndelle a renovación de:
 - Cinco profesoras/es.
 - Dous representantes do nais/pais/ titores legais e unha representante da ANPA.
 - Dous representantes do alumnado.
 - Un representante do persoal de administración e servizos.

A **Xunta Electoral** estará integrada pola directora do centro, un profesor, un pai/nai/titor legal, un representante do persoal de administración e servizos e un alumno/a de secundaria; designados os catro últimos por **sorteo público** no que se preverá a designación de membros suplentes. Dito sorteo, que será público e no que se preverá a designación de membros suplentes, celebrarase neste Centro o próximo martes, día **22 de outubro de 2024**, ás 10.00 horas.

As competencias da Xunta electoral son: Aprobar e publicar os censos electorais, que deberán reflectir nome e apelidos dos electores. Concretar o calendario electoral segundo o Regulamento vixente. Ordenar o proceso electoral. Admitir e proclamar candidaturas. Promover a constitución das distintas mesas electorais. Resolver as reclamacións presentadas contra as resolucións das mesas electorais. Proclamar os candidatos elixidos e remitir as correspondentes actas á Delegación Provincial da Consellería.

ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DOS PAIS/NAIS/TITORES LEGAIS

- Todas** as nais, pais e titores legais do alumnado matriculado no centro son electores e todos poderán ser elixidos membros do Consello Escolar, coas atribucións que lle corresponden aos seus membros.
- Aqueles que desexes presentar as súa **candidatura** deberá seguir as instrucións que figurarán nas distintas convocatorias que proximamente se farán públicas pola Xunta Electoral. O prazo de admisión de candidatos non será inferior a 7 días. Pechado o prazo, a xunta electoral fará pública a proclamación de candidatos. Contra o acordo de proclamación poderase reclamar no prazo de 2 días seguintes. A Xunta Electoral resolverá no seguinte día hábil e contra a súa decisión poderá interpoñerse recurso, que non terá efectos suspensivos.
- O **censo electoral** deberá expoñerse no taboleiro de anuncios do centro con 10 días, cando menos de anticipación á data fixada para o acto electoral, para a comprobación e posible reclamación por parte de pais e titores legais dos alumnos.
- A **mesa electoral** estará integrada pola directora do centro, que actuará como presidente, e catro nais ou pais ou titores legais, designados por **sorteo público** entre os que non se presenten como candidatos, actuando como secretario o de menor idade.
- O voto será directo, secreto e non delegable. Cada elector, que deberá acreditar a súa personalidade mediante a presentación do DNI ou calquera outro documento acreditativo, fará constar na súa papeleta o nome de **dous** candidatos.